Exercicios de autoavaliación

Unidade 5: Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica

1. Segmenta, identifica e clasifica os morfemas das seguintes palabras. Para facilitar a túa resposta, podes completar o seguinte cadro. Fíxate no exemplo:

palabra	Morfema gramatical ligado derivativo prefixo	Morfema léxico	Morfema gramatical ligado derivativo sufixo	Morfema gramatical ligado flexivo	
				xº	nº
Revestimento	re-	-vesti-	-mento		
Analfabetas					
Transcategorizadoras					
Gatiños					
Sobriñas					
Amarelento					
Gordecho					
Retorcidiños					
Descasamento					
Cafeciños					
Enlsousado					

Palabra	Morfema léxico		Morfemas gramaticais	
	Raíz	VT	Tempo/modo/aspecto	Número/persoa
andaremos				
varrer				
partades				
batiches				
viviriamos				
andarades				
baterdes				
cantabamos				
vivisen				
serven				

2. Propón un conxunto de palabras que evolucionaron a partir da palabra latina CLAVE. Despois, clasifica cada unha delas segundo o seu grao de evolución en *patrimonialismos*, *cultismos* e *semicultismos*.

3. A) A continuación ofréceseche unha lista de substantivos e outra de adxectivos. Converte cada substantivo nun adxectivo, e pasa os adxectivos a substantivos.

Substantivos: Ollo, dedo, la, domingo, mes, noite, fillo, ouro, cabeza, lago, igrexa, pobo.
Adxectivos: acedo, doce, xordo, cortés, fondo, franco, elegante, porco, intelixente, raro, estúpido, manso.

3. B) Que se pon de manifesto con este exercicio?

4. Pon exemplos agora de sufixos transcategorizadores que mostren unha verbalización e unha adverbialización. Tamén exemplifica unha substantivación a partir dun verbo.

5. a) Clasifica a seguinte familia de palabras segundo a categoría gramatical:

persoal, personificar, impersoal, persoalmente, personaxe, persoa, personalidade, personificado, personalizar, personificación

Substantivos	Adxectivos	Verbos	Adverbios

b) Segundo o modelo do exercicio anterior, escribe a familia de palabras de *frío*. Clasifica os diferentes elementos da familia en catro categorías gramaticais como no apartado anterior.

6. Escribe tres palabras derivadas de cada unha das seguintes:

Recibir:
Prohibir:
Servir:
Atribuír:
Contribuír:
Ferver:
Conversar:
Atrever:

7. No seguinte texto aparecen castelanismos léxicos. Detéctaos e sinala a forma correcta galega.

Era unha tarde fría de jueves. A niebla cubría os campos e non deixaba ver a pequena casa da escuela que construíran os vellos do pueblo por detrás da carretera. A zanxa da cuneta aínda enseñaba os restos do granizo que caera ben temprano pola mañá. Eu atopábame canso e apenas podía soportar a dor da rodilla e o cuello. A caída fora moi forte. Agora, esgotado, dedicábame a observar desde a ventana. Acompañábame unha taza de menta-poleo ben quente e mantíñame á espera de que os amigos viñesen visitarme.

8. Cita polo menos cinco castelanismos plenos que se escoiten de xeito adoito (na rúa, a televisión, etc.). Substitúeos polos termos galegos correctos.

9. Indica se as seguintes palabras son simples, compostas, derivadas ou parasintéticas: *casarío, ignífugo, alaranxar, coitelada, empanada, alaranxado, parabrisas, caracol, empedrado, pronominal, ollomol.*

10. Neste texto aparecen préstamos do inglés. Sinálaos e clasifícaos segundo sexan necesarios ou innecesarios, e se permanecen inalterados, adaptados ou son calcos da forma orixinaria estranxeira.

    Esta tarde fun ao centro comercial. Sempre me sorprendeu o tamaño destas construcións e a capacidade dos seus párkings. Cando entrei, fun dereito á tenda de informática. Eu quería aproveitar unha oferta para mercar un rato óptico que vira desde internet e renovar a licenza do software do meu sistema operativo. De paso, boteille unha ollada a uns escáneres integrados en corpos de impresoras láser, pero os cartos xa non me daban para tanto… O que non puiden evitar foi parar para petiscar unha hamburguesa. Cando cheguei de volta ao coche decateime de que mandara ao lixo o ticket de compra.

Solucións:

1:

palabra	prefixo	lexema	sufixo	morfema flexivo	
				xº	nº
Revestimento	re-	-vesti-	-mento		
Analfabetas	a(n)-	-alfa + bet-		-a-	-s
Transcategorizadoras	trans-	-categor(iza)-	-dor-	-a-	-s
Gatiños		gat-	-iñ-	-o-	-s
Sobriñas		sobriñ-		-a-	-s
Amarelento		amarel-	-ent-	-o	
Gordecho		gord-	-ech-	-a	
Retorcidiños	re-	-torcid-	-iñ-	-o-	-s
Descasamento	des-	-casa-	-mento		
Cafeciños		cafe-(c)-	-iñ-	-o-	-s
Enlousado	en-	-lous-	-ado		

Palabra	Morfema léxico		Morfemas gramaticais	
	Raíz	VT	Tempo/modo/aspecto	Número/persoa
andaremos	and-	-a-	-re-	-mos
varrer	varr-	-e-	Ø	-s
partades	part-	Ø	-a-	-des
batiches	bat-	-i-	Ø	-ches
viviriamos	viv-	-i-	-ria-	-mos
andarades	and-	-a-	-ra-	-des
baterdes	bat-	-e-	-r-	-des
cantabamos	cant-	-a-	-ba-	-mos
vivisen	viv-	-i-	-se-	-n
serven	serv-	-e-	Ø	-n

2:
CLAVE:
Cultas: clave, clavecín, clavicémbalo, clavicordio, clavícula, claviforme.
Semicultas: caravilla, caravilleiro, caravillón.
Patrimoniais: chave, chavear, chaveiro, chavella, chavelleira.

3A:
Ollo: ocular, Dedo: dixital, La: lanar, Domingo: dominical, Mes: mensual, Noite: nocturno, Fillo: filial, Ouro: áureo, Cabeza: capital, Lago: lacustre, Igrexa: eclesiástico, Pobo: popular

Acedo: acedume, doce: dozura, xordo: xordeira, cortés: cortesía, fondo: fondura, franco: franqueza, elegante: elegancia, porco: porcallada, intelixente: intelixencia, raro: rareza, estúpido: estupidez, manso: mansedume

3 B:

Percíbese que para formar os adxectivos (adxectivación) é preciso recorrer á forma culta de cada palabra. Para formar substantivos (substantivación), en cambio, recórrese a sufixos transcategorizadores específicos (-ura, -ume, -eira, eza, etc.).

4:
Verbalización: conversa > conversar; fariña > enfariñar; empanada > empanar
Adverbialización: rápido > rapidamente
Substantivación: coller > colleita

5:
A)

Substantivos	Adxectivos	Verbos	Adverbios
persoa	persoal	personificar	persoalmente
personaxe	impersoal	personalizar	
personalidade	personificado		
personificación			

B)

Substantivos	Adxectivos	Verbos	Adverbios
arrefriado	frío/a	arrefriar	friamente
arrefriamento	friorento/a	enfriar	
frialdade			
friaxe			
frieira			
frio			

6:
Recibir: recibidor, recibimento, recibo.
Prohibir: prohibido, prohibición, prohibitivo.
Servir: servidor, servil, servidume, servicio, servicial.
Atribuír: atribución, atribuído, atributo, atribuída.
Contribuír: contribución, contribuído, contribuínte.
Ferver: fervedoiro, fervenza, fervor, fervura.
Conversar: conversación, conversador, conversa.
Atrever: atrevemento, atrevido, atrevida.

7:

Era unha tarde fría de jueves (xoves). A niebla* (néboa) cubría os campos e non deixaba ver a pequena casa da escuela* (escola) que construíran os vellos do pueblo* (da vila) por detrás da carretera* (estrada). A zanxa* (gabia) da cuneta* (beiravía) aínda enseñaba* (ensinaba) os restos do granizo* (sarabia) que caera ben temprano* (cedo) pola mañá. Eu atopábame canso e malamente podía soportar a dor na rodilla* (no xeonllo) e no cuello* (pescozo, colo). A caída fora moi forte. Agora, esgotado, dedicábame a observar desde a ventana* (ventá, fiestra). Acompañábame unha taza* (cunca) de menta-poleo* (menta-poexo) ben quente e mantíñame á espera de que os amigos viñesen visitarme.*

8:
Os nomes dos días da semana ou dos meses, por exemplo. *Luns, mércores, xoves, venres, xaneiro, febreiro, maio, xuño, xullo, setembro, outubro, novembro, decembro*.

9:
Simples: casarío, caracol

Compostas: ignífugo, parabrisas, ollomol
Derivadas: empedrado, coitelada, empanada, pronominal, alaranxado,
Parasintéticas: alaranxar

10:

Esta tarde fun ao centro comercial. Sempre me sorprendeu o tamaño destas construcións e a capacidade dos seus párkings (préstamo innecesario). Cando entrei, fun dereito á tenda de informática. Eu quería aproveitar unha oferta para mercar un rato (préstamo necesario calco) óptico que vira desde internet (préstamo necesario inalterado) e renovar a licenza do software (préstamo necesario inalterado) do meu sistema operativo. De paso, boteille unha ollada a uns escáneres (préstamo necesario adaptado) integrados en corpos de impresoras láser (préstamo necesario adaptado), pero os cartos xa non me daban para tanto… O que non puiden evitar foi parar para petiscar unha hamburguesa (préstamo necesario adaptado). Cando cheguei de volta ao coche decateime de que mandara ao lixo o ticket (préstamo innecesario) de compra.*